

# AS MIL E UNHA NOITES

[Miguel Gomes, 2015]

# 123

ESTREA EN NUMAX: 10.06.2016 | V.O.S.E. | +12

## FICHA TÉCNICA

**As Mil e Uma Noites: Volume 1, O Inquieto**  
(2015, 125')

**Dirección:** Miguel Gomes

**Guión:** Telmo Churro, Miguel Gomes, Mariana Ricardo

**Reparto:** Miguel Gomes, Carloto Cotta, Adriano Luz, Rogério Samora, Crista Alfaiate, Luísa Cruz, Maria Rueff, Bruno Bravo, Diogo Dória, Dinarte Branco, Chico Chapas, Tiago Fagulha

**Montaxe:** Telmo Churro, Miguel Gomes, Pedro Filipe Marques

**Dirección de arte:** Artur Pinheiro

**Son:** António Lopes, Vasco Pimentel

**Vestiario:** Lucha d'Orey, Sílvia Grabowski

**Fotografía:** Sayombhu Mukdeeprom, Mário Castanheira

**Produtora:** O Som e a Fúria, Shellac Sud, Komplizen Film (Portugal)

**Distribuidora:** Golem

**Formato de proxección:** DCP 2K, 2.35:1

ESTREA EN NUMAX: 17.06.2016 | V.O.S.E. | +12

## FICHA TÉCNICA

**As Mil e Uma Noites: Volume 1, O Desolado**  
(2015, 131')

**Dirección:** Miguel Gomes

**Guión:** Telmo Churro, Miguel Gomes, Mariana Ricardo

**Reparto:** Crista Alfaiate, João Pedro Bénard, Isabel Muñoz Cardoso, Margarida Carpinteiro, Chico Chapas, Carloto Cotta, Luísa Cruz, Joana de Verona, Eduardo Frazão, Pedro Inês, Lucky, Adriano Luz

**Montaxe:** Telmo Churro, Miguel Gomes, Pedro Filipe Marques

**Dirección de arte:** Susana Afonso Lopes

**Son:** Miguel Martins, Vasco Pimentel

**Vestiario:** Lucha d'Orey, Sílvia Grabowski

**Fotografía:** Sayombhu Mukdeeprom

**Produtora:** O Som e a Fúria, Shellac Sud, Komplizen Film (Portugal)

**Distribuidora:** Golem

**Formato de proxección:** DCP 2K, 2.35:1

ESTREA EN NUMAX: 24.06.2016 | V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

## FICHA TÉCNICA

**As Mil e Uma Noites: Volume 3, O Encantado**  
(2015, 125')

**Dirección:** Miguel Gomes

**Guión:** Telmo Churro, Miguel Gomes, Mariana Ricardo

**Reparto:** Crista Alfaiate, Bernardo Alves, Chico Chapas, Carloto Cotta, Jing Jing Guo, Quitério, Américo Silva, Louison Tresallet, Gonçalo Waddington

**Montaxe:** Telmo Churro, Miguel Gomes, Pedro Filipe Marques

**Dirección de arte:** Susana Afonso Lopes

**Son:** Miguel Martins, Vasco Pimentel


**Vestiario:** Lucha d'Orey, Sílvia Grabowski

**Fotografía:** Sayombhu Mukdeeprom

**Produtora:** O Som e a Fúria, Shellac Sud, Komplizen Film (Portugal)

**Distribuidora:** Golem

**Formato de proxección:** DCP 2K, 2.35:1



## FILMOGRAFÍA

*Redemption*, 2013 [curtametraxe]

*Tabú*, 2012

*Aquel querido mes de agosto*, 2008

*Cântico das criaturas*, 2006 [curtametraxe]

*A cara que mereces*, 2004

*31*, 2003 [curtametraxe]

*Kalkitos*, 2002 [curtametraxe]

*Inventario de Nadal*, 2000 [curtametraxe]

*Entretando*, 1999 [curtametraxe]

## SINOPSE

Nun país europeo en crise, Portugal, un director propónse construír ficcións a partir da miserábel realidade que o rodea. Mais incapaz de atopar sentido ao seu traballo, foxe de maneira covarde, deixando o seu lugar á bela Sherezade. Ela precisará ánimo e coraxe para non aburrir ao Rei coas tristes historias dese país. Co transcórren das noites, a inquedaanza deixa paso á desolación, e a desolación ao encantamento.

## PREMIOS

Premios do Cinema Europeo 2015 (mellor son), Sevilla 2015 (2º mellor filme), Fénix 2015 (mellor montaxe, 5 nominacións).

«Radical e omnívora exploración da crise e a desesperación portuguesas, tan crúa e libre como surreal, tan dramática como hilarante, concibida para contar o esencial do ser humano»

Carlos Reviriego. EL MUNDO

# ASMIL E UNHA NOITES

[Miguel Gomes, 2015]

## “Polo visto a barbarie existe”

Entrevista a Miguel Gomes

Por Lia Bianchini

**Primeiro, quería saber como xurdiu a idea de narrar o contexto político portugués a través do libro *As mil e unha noites*.** Eu teño unha filla, que ten nove anos agora, mas hai un tempo (con cinco anos), pedíume que lle mercase unha cousa e eu díxenlle que non, que non ía gasta diñeiro con aquilo. E ela dixo: «Non compras por causa da crise». E eu atopei estraño que unha crianza de cinco anos coñecese esa palabra. Porque eu, cando tiña a súa idade, non a coñecía. O que mostra até que punto vivimos tempos extraordinarios que tocan a toda a xente. Claro que hai sempre un pequeno grupo ao que non. Hai un pequeno grupo que mesmo se fai máis rico, porque, coas crises hai sempre algún que gaña diñeiro. A miña filla tiña consciencia de que pode recibir menos agasallos porque hai menos diñeiro. Eu non llo podía explicar (de feito, nin os economistas conseguen explicar a crise, nin os políticos). Entón pensei: vou facer un filme sobre Portugal hoxe.

Daquela pensamos no libro, que é un libro para adultos, bastante salvaxe, no que existe unha sensación de que todo é un pouco extremo, unha fantasía moi delirante e absurda. Ás veces é moi violento, ás veces moi erótico, todos os elementos son extremos e eu detectei unha conexión co que estaba a pasar en Portugal, onde as historias tamén comezaban a ser bastante vulgares e ás veces absurdas.

**Desde o inicio o proxecto era facer un filme dividido en tres partes?** Non. Foi algo que xurdiu sobre a marcha. Eu tiña un ano para facer a investigación e filmar e durante ese tempo tiña dereito a 14 semanas de rodaxe, que despois pasaron a ser 16. Nese tempo tentabamos filmar o máximo de historias posíbeis, mais non sabíamos o que íamos facer con iso. Eu tiña asinado un contrato co produtor que dicía que non podía pasar de tres horas e media de filme.

**Pasouse unha miga...** Se contamos o filme enteiro si. Se o contamos por partes, cada unha ten pouco máis de dúas horas. É unha cuestión xuridicamente complexa [risas].

### Que historias contaría a Sherezade do Portugal de hoxe? Houbo algunha mudanza no contexto social do país?

Non contaría historias moi diferentes, porque esa idea de que Portugal conseguiu vencer a crise é o que eu chamo unha mala ficción, é mentira. É unha narrativa inventada por Europa. Europa precisa ter un caso de éxito en relación a iso que chaman política da austeridade. Para facer contrapunto dos gregos, que eran os malos, apareceron os portugueses, que eran os boños, cun goberno que seguiu todas as indicacións, que non discutía nada, que tivo un primeiro ministro que chegou a dicir: «nós queremos ir máis lonxe cá Troika».

Agora vemos o que une a Europa: chámase diñeiro. E cando hai menos xa non hai unión ningunha. Entón, o que unía Europa eran supostamente os valores e unha idea de aplicación de democracia avanzada no que o Estado sabía que debía garantir uns mínimos de dignidade ás persoas. Hoxendía vemos que todo iso está desintegrado. Eu creo que estamos a asistir, neste intre, á fin de Europa. E eu teño pena diso, mais non temos unhas relacións suficientemente civilizadas e organizadas para que existan mecanismos de solidariedade que permitan unha unión política funcional en Europa. Polo visto a barbarie existe.

**Vostede diría que a xente vive unha crise do capitalismo?** Eu coido que vivimos unha crise da democracia. Porque houbo algo novo, a Troika que chegou a Portugal non foi elixida. Nos últimos anos, nas últimas décadas, coido que nunca se vira algo así, e falouse pouco, foi a aplicación dunha política con moitos custes sociais, que algúns economistas acusaron de demasiado experimental, de facer retroceder moito en pouco tempo, e esa imposición foi feita por unha entidade que non foi electa polo pobo.

Publicada en <http://www.ocafezinho.com>  
Tradución: Xan Gómez Viñas

#### NA LIBRARÍA NUMAX

**Tabú + (Casi\*) Integral de los cortos de Miguel Gomes.** Miguel Gomes  
Intermedio [DVD]

**Miguel Gomes. As Curtas-Metragens.**  
Miguel Gomes. PUR [DVD]

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

  
**EUROPA CINEMAS**  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME